



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 5427/12

MEMORIA AÑO 2013 PARQUE DE LAS CIENCIAS VIGOZOO

INDICE-MEMORIA

Organización

- 1.a) Población oficial e outros datos de carácter socioeconómico
- 1.b) Actividade principal da entidade
- 1.c) Entidade da que depende
- 1.d) Estrutura organizativa da entidade a nivel político e administrativo
- 1.e) Número medio de empregados no exercicio, tanto funcionarios como persoal laboral
- 1.f) Entidades dependentes e a súa actividade
- 1.g) Entidades públicas participadas e a súa actividade
- 1.h) Fundacións nas que o suxeito contable forma parte do seu patronato
- 1.i) Principais fontes de financiamento da entidade e a súa importancia relativa

2. Xestión indirecta de servizos públicos

3. Bases de presentación das contas

- 3.a) Principios contables
 - 3.a.1) Principios contables públicos non aplicados por interferir no obxectivo da imaxe fiel
 - 3.a.2) Principios contables aplicados distintos dos principios contables públicos
- 3.b) Comparación da información
 - 3.b.1) Explicación das causas que impiden a comparación das contas anuais do exercicio coas do precedente
 - 3.b.2) Explicación da adaptación de importes do exercicio precedente para facilitar a comparación
- 3.c) Razóns e incidencia nas contas anuais dos cambios en criterios de contabilización

4. Normas de valoración

- 4.a) Inmobilizado inmaterial
- 4.b) Inmobilizado material
- 4.c) Investimentos financeiros
- 4.d) Existencias
- 4.e) Provisións para riscos e gastos



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 5427/12

- 4.f) Débedas
- 4.g) Provisiones para insolvencias
- 5. Investimentos destinados ao uso xeral**
 - 5.a) Investimentos destinados ao uso xeral
 - 5.b) Patrimonio entregado ao uso xeral
- 6. Inmovilizaciónes inmateriales**
- 7. Inmovilizaciónes materiais**
 - 7.a) Inmovilizacións materiais
 - 7.b) Bens en réxime de cesión temporal
 - 7.c) Bens en réxime de adscripción
 - 7.d) Bens afectos a garantías
- 8. Inversións xestionadas**
- 9. Patrimonio público do chan**
- 10. Investimentos financeiros**
 - 10.a) Investimentos financeiros
 - 10.b) Préstamos singulares significativos
- 11. Existencias**
- 12. Tesourería**
 - 12.a) Tesourería
 - 12.b) Estado de conciliación bancaria
- 13. Fondos Propios**
- 14. Endebedamento**
- 15. Administración de recursos por conta doutros entes públicos**
- 16. Operacións non orzamentarias de tesourería**
- 17. Ingresos e gastos**
 - 17.a) Subvencións recibidas pendentes de xustificar
 - 17.b) Transferencias e subvencións concedidas significativas
 - 17.c) Outras circunstancias de carácter sustantivo
- 18. Valores recibidos en depósito**

19. Cadro de financiamento

20. Información Orzamentaria

- 20.a) Exercicio corrente
- 20.b) Exercicios pechados
- 20.c) Exercicios posteriores
- 20.d) Gastos con financiamento afectado
- 20.e) Remanente de Tesoureria

21. Indicadores

- 21.a) Indicadores financeiros e patrimoniais
- 21.b) Indicadores orzamentarios
- 21.c) Indicadores de Xestión

22. Balance de Comprobación

23. Acontecementos posteriores ao peche

NORMATIVA REGULADORA RENDICIÓN CONTA XERAL E FORMACIÓN DA MEMORIA

- Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto Refundido da Lei Reguladora de las Facendas Locais.
- Regulamento Orzamentario, Rd 500/1990, do 20 de abril.
- Orde EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución de Contabilidade das Administracións Locais ICAL.
- Plan Xeral de Contabilidade Publica adaptada á Administración Local, dentro dos anexos da ICAL.

O art.º 208 e ss de do Rd 2/2004, do 5 de marzo, así como as Regras 100 a 104 da Orde 4041/2004, do 23 de novembro, obrigan a que o Organismo Autónomo Parque das Ciencias Vigozoo forme a Conta Xeral con anterioridade ao 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que correspondan, debendo someterse antes do 1 de xuño ao informe da Comisión especial de contas da Entidade Local, que se expoñerán ao trámite de información pública por un prazo de 15 días para presentación de alegacións. Posteriormente a Conta Xeral cos informes da Comisión de Contas e as reclamacións e reparos formuladas deberá someterse á aprobación do Pleno da Corporación antes do 1 de outubro do exercicio inmediato seguinte.

As contas anuais comprenden o Balance, a Conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser redactados con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 5427/12

patrimonial e da execución do Orzamento da entidade de conformidade con este Plan de Contas.

No punto 7 da cuarta parte da Instrución do modelo normal da Contabilidade Local, obrígase, entre outros documentos, á formulación dunha **Memoria** que vén a completar, ampliar e perfeccionar a información subministrada no Balance, a Conta de Resultados económica-patrimonial e o Estado de Liquidación do Orzamento. Resulta novidosa a inclusión nesta, entre outras facetas, dunha serie de indicadores relativos á situación económica, financeira e orzamentaria da Entidade que servirán de apoio e mellora na xestión do servizo e na futura toma de decisións.

No anexo da Instrución do modelo normal de Contabilidade Local especificase, que a Memoria quedará estruturada en vinte e dous apartados, onde se analizan e recollen a información mínima a cumprir, a cal se verá ampliada en todos aqueles aspectos que se consideren relevantes para o reflexo da imaxe fiel do patrimonio e da situación económica financeira do Organismo Autónomo. Dadas a particularidades implícitas ao Organismo en canto á súa finalidade e funcionamento, só será obxecto de análise na Memoria aquela información de natureza económica financeira que provoque movementos contables coa conseguinte repercusión nas contas anuais do Organismo correspondentes ao exercicio 2012.

1. ORGANIZACIÓN DO CUENTADANTE

1.a) Poboación oficial e outros datos de carácter socioeconómico.

Segundo os datos oficiais aportados polo Instituto Galego de Estadística e referidos ao un de xaneiro de 2013, a poboación oficial ascende a 296.479 habitantes.

A continuación expóñense os datos resumidos de forma xeral, acerca da configuración da pirámide poboacional de Vigo, analizados por estratos de sexo, idade e poboación estranxeira:

- Homes: 141.359
- Mulleres: 155.120
- Persoas menores de 16 anos: 41.397
- Persoas entre 16-64 anos: 197.614
- Persoas maiores de 64 anos: 57.468



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



1.b) Actividade principal da Entidade.

O Parque das Ciencias Vigozoo constitúese como un Organismo Autonomo Local do Concello de Vigo para a xestión en réxime de descentralización funcional do Parque da Madroa, conta con personalidade xurídica propia, é de carácter administrativo e goza de patrimonio propio para o cumprimento do seu fins.

A actividade principal do Organismo constitúea o fomento e protección das especies animais e vexetais, e outras relacionadas co turismo, cooperación con Institucións Universitarias, consecución do equilibrio ecolóxico en canto á conservación das especies, divulgacións educativas en materias ambientais e conservación de especies autóctonas, e demais que veñen consideradas nos Estatutos do Organismo.

1.c) Entidade da que depende

O Organismo autónomo Parque das Ciencias Vigozoo é un tipo de Organismo público vinculado á Administración Xeral do Concello de Vigo que goza de personalidade xurídica propia e autonomía de xestión, rexéndose, en todo caso, polas normas aplicables do Dereito Administrativo, que dependen da Entidade Local matriz, que se encargará da súa dirección estratéxica, así como da avaliación e o control dos resultados da súa actividade.

As súas competencias derivan das atribucións que lles conferiu o Concello de Vigo a través do Estatuto fundacional, baixo o principio de descentralización funcional que ten rango constitucional.

1.d) Estructura organizativa do Organismo nivel político e administrativo

A súa estrutura organizativa básica a nivel político componse duns Organos de Gobierno conformados polo Consello de Administración constituído para esta mandato o 21 de setembro de 2011, cuxa configuración se integra polos Concelleiros electos e veciñais que decida o Pleno da Corporación municipal ao inicio de cada mandato, o Presidente que será o Alcalde da Corporación ou Organo no que delege, e o Vicepresidente designado de entre os membros do Consello de Administración na sesión constitutiva daquel. Así, dende o 13 de xuño de 2011, a Presidencia do Organismo recae en D^a. María Jesús Lago Rey, tendo o Consello de Administración a seguinte composición:

I.VOCAIS CORPORATIVOS:

- D^a ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ
- D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 5427/12

- D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ.
- D. ANGEL RIVAS GONZÁLEZ.
- D. ROBERTO RELOVA QUINTEIRO.
- D^a. TERESA EGERIQUE MOSQUERA.
- D^a. MARÍA ANGELES GARCÍA MIGUEZ.
- D^a. ALEXIA ALONSO ALONSO
- D. ALEJANDRO PÉREZ DAVILA.
- D. FRANCISCO XABIER ALONSO PÉREZ.

II.VOCAIS VECIÑAIS:

- D^a. CRISTINA FOJO CAMPOS.
- D. JUAN GARCÍA COSTAS.
- D^a. PILAR BLANCO ABEIGÓN.
- D^a. MARÍA DEL CARMEN IGLESIAS FANDIÑO.
- D.ABDÓN COMESAÑA RODRÍGUEZ.
- D. EMILIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
- D^a. PILAR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ.

A estrutura administrativa baixo o principio da súa autonomía organizativa -autonomía de xestión, decisión, patrimonial e orzamentaria-, diríxese dende unha estrutura básica central, que baixo a dirección, planificación e control exercido pola Presidencia do Organismo, se conforma por unha Dirección de Réxime Interior que se encarga do impulso, coordinación e dirección dos procesos necesarios para o cumprimento dos fins que ten atribuídos o Parque, e unha Dirección Veterinaria e Conservadora que se responsabiliza do coidado, fomento protección e harmonía ecolóxica das especies animais e vexetais existentes no recinto, que contarán coa asistencia e asesoramento do persoal que exerzan as funcións interventoras, contables e de secretaría legal preceptiva e fê pública.

1.e) Número medio de empregados no exercicio, tanto funcionarios como persoal laboral

O n.º medio de empregados configúrase a través da Relación de Postos de Traballo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 9 de decembro do 2011 sendo publicada no BOP nº 18 de data 25 de xaneiro 2012, actualmente vixente, e cuxa estrutura é a seguinte:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN POSTO	DOT.	RELACIÓN LABORAL	ASIMILACIÓN FUNCIONARIOS				OBSERVACIÓNS
				GRUPO	NIVEL C.D.	C. ESPEC.	CÓD.RET.	
600.00	DIRECTOR DE RÉXIMEN INTERIOR	1	INDEFINIDA	A1	26	400	600	VACANTE CUBERTA INTERINAMENTE
600.01	VETERINARIO	1	INDEFINIDA	A1	26	400	601	VACANTE CUBERTA INTERINAMENTE
600.02	CONSERVADOR	1	INDEFINIDA	A2	25	401	602	
600.03	COORDINADOR DPTO. DE EDUCACIÓN	1	INDEFINIDA	A2	25	402	603	VACANTE
600.05	ADMINISTRATIVO	1	INDEFINIDA	C1	19	403	605	
600.06	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	INDEFINIDA	C2	16	406	606	
600.07	CAPATAZ	1	INDEFINIDA	C2	19	407	607	
600.08	RESPONSABLE DE INSTALACIÓNS	1	INDEFINIDA	C2	18	408	608	VACANTE CUBERTA PROVISIONALMENTE
600.09	OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXIANCIA E CONTROL	13	INDEFINIDA	C2	16	409	609	
600.10	CONDUCTOR MECÁNICO	1	INDEFINIDA	C2	16	410	610	

1.f) Entidades dependentes e a súa actividade

O Organismo Autonomo Parque das Ciencias Vigozoo non ten Entidades dependentes.

1.g) Entidades públicas participadas e a súa actividade



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 5427/12

O Organismo Autónomo Parque das Ciencias Vigozoo non ten Entidades públicas participadas.

1.h) Fundacións nas que o suxeto contable forma parte do seu patronato

O Organismo Autónomo Parque das Ciencias Vigozoo non posee nin forma parte de ningunha fundación.

1.i) Principais fontes de financiación da entidade e a súa importancia relativa.

O financiamento do Organismo Autónomo durante o exercicio 2013, vén constituído da seguinte forma:

-Recursos Propios: son aqueles que se obteñen a través da actividade normal e de funcionamento do Parque, fundamentalmente realizados a través da venda de entradas por despacho, e outros de importancia menor e carácter eventual - venda animais, concesións, reintegros etc- ou os relacionados con rendementos de depósitos constituídos.

-Financiamento público: vén formada pola transferencia corrente de fondos achegada pola Administración Xeral do Concello de Vigo, destinada a cofinanciar as actividades correntes do Organismo de carácter non singularizado, e sen contrapartida directa por parte do Organismo.

O concepto de importancia relativa mide o grao de significación dun determinado feito sobre o conxunto global, que aplicado ao suposto esixido o poderíamos medir en termos porcentuais resultando un porcentaxe do 75,32% o financiamento público obtido polo Organismo da Entidade Matriz sobre o total dos recursos xerados durante o exercicio 2013.

2.XESTION INDIRECTA DOS SERVIZOS PUBLICOS.

Trátase dunha fórmula en cuxa virtude a Administración pública e o empresario ou empresaria (persoa física ou xurídica) participarán nos resultados da explotación do servizo na proporción que se estableza no contrato administrativo, podendo estipularse mesmo un beneficio mínimo a favor de calquera das partes asociadas atendendo ao resultado da explotación. O risco económico asúmese neste caso de modo conxunto.

O Consello de Administración do Organismo acordou, na súa sesión do 25 de maio de 2002, a adxudicación baixo a modalidade de xestión interesada, da instalación dun herpetario-insectario-mariposario e dun taller interactivo "Toca-toca, non Toques", por un prazo de 10 anos, que xa rematou no ano 2012. Para o ano



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



2013, a dirección do Parque considerou precindir de dita forma de xestión, pasando a prestación do servizo a ser un contrato de servizo que se adjudicou a favor da empresa Nabau Proxectos por importe de 21.000 euros, e o resto o asume directamente o Organismo.

3. BASES DE PRESENTACION DAS CONTAS.

As bases de presentación informan sobre os principios contables aplicados así como aqueles outros que xustificadamente non se puideran aplicar, e a explicación das causas que puidesen impedir unha comparación homoxénea da contas e estados contables.

3.a) Principios contables:

Os Principios Contables utilizados para a elaboración destas contas anuais son os recollidos na Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, Orden EHA/4041/2004.

A aplicación dos principios contables han de conducir a que as contas anuais formuladas con claridade expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do Orzamento e dos resultados da entidade. A imaxe fiel constitúe un obxectivo que debe alcanzar toda información contable, sendo necesario enunciar uns principios contables públicos, de xeneral aceptación, cuxa aplicación garanta que as contas anuais reflectan a imaxe fiel da situación económica-financieira do Organismo.

A contabilidade do Organismo Autónomo vén presidida polo obrigado cumprimento dos principios contables que se recollen na Orde Ministerial considerando, non obstante, e baixo o obxectivo perseguido da subministración dunha información clara e veraz, matizar o seguinte nalgún deles:

- Principio de entidade contable:** constitúe a entidade contable de forma única para a formación da Memoria o Organismo Autónomo Parque das Ciencias Vigozoo
- Principio de xestión continuada:** mantense a uniformidade ao longo do exercicio e considérase a duración ilimitada do Organismo, aínda que dadas a particularidades xurídicas do Organismo en canto á súa constitución, funcionamento e tipo de actividade que desenvolve e o recoñecemento xudicial da titularidade dos terreos a favor Comunidade de Montes, debería considerarse unha futura valoración do patrimonio liquidativo existente.
- Principio de importancia relativa:** a imputación contable e orzamentaria dos gastos realizados, vén marcada, tanto pola contía monetaria destes coma polo prazo de duración ou vida útil dos bens ou dereitos adquiridos, sobre todo en canto á súa catalogación de gasto de natureza corrente ou de capital.

-**Principio de rexistro:** De forma xeral os movementos económicos contabilízanse na orde cronolóxica en que se producen, non obstante e dada a actividade e servizo que presta o Organismo, pódense producir determinados feitos económicos que forcen a que exista algunha variación entre a subministración ou prestación do servizo e a data en que causen os seus oportunos efectos contables, sen que eles significa algún tipo de baleiro ou ruptura na información subministrada, garantíndose en todo caso a homoxeneidade e coherencia desta.

-**Principio do prezo de adquisición:** Os bens ou servizos valóranse polo prezo de adquisición, aínda que para os efectos da súa imputación contable ao valor que se reflicte nas contas e aplicacións presupostarias se lle engada o IVE que soporta a Entidade en cada unha das operacións, ao encontrarse non suxeitas ao Imposto do Valor engadido as entregas de bens e prestacións de servizos realizadas polos Entes Públicos sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria.

-**Principio de prudencia:** Ao peche do exercicio están contabilizados todos aqueles gastos e ingresos que efectivamente foron realizados. A dotación por amortización do inmovilizado material para o ano 2013 ascende a 103.350,72 euros, con reflexo contable na Conta do Resultado económico-patrimonial, pero sen ningún tipo de incidencia presupostaria segundo as normas da Instrución e os postulados deste principio.

-**Principio de imputación da transacción.** Os gastos e ingresos impútanse de acordo coa natureza económica e a finalidade económica que se pretende.

-**Principio de correlación gastos ingresos.** Dáse efectivo cumprimento ao mesmo, ao constituírse o resultado do exercicio polos ingresos do devandito período menos os gastos realizados para a obtención daqueles.

-**Principio de non compensación.** Aplicado con rigor, ao non se compensar en ningún caso as partidas do activo e pasivo do Balance, nin as contas de gastos e ingresos da composición de Resultado económico-patrimonial.

-**Principio de desafectación:** establece que os ingresos presupostarios se destinan a financiar a totalidade dos gastos da devandita natureza, sen que, con carácter xeral, exista relación directa entre uns e outros. É dicir, desvincula os ingresos presupostarios dos gastos desta natureza, pretendendo garantir que os ingresos se encontren dispoñibles para financiar todos os gastos.

En xeral, estes principios son coincidentes cos establecidos para a Contabilidade privada coa inclusión dos principios de entidade e desafectación.

3.a.1) Principios contables públicos non aplicados por interferir no obxectivo de imaxe fiel.

Ningún.

3.a.2) Principios contables aplicados distintos dos principios contables públicos.

Ningún.

3.b.1) Explicación das causas que impiden a comparación da contas anuais do exercicio coas do precedente.

Ningunha.

3.b.2) Explicación da adaptación dos importes do exercicio precedente para facilitar a comparación.

Ningunha

3.b.3) Razones e incidencia nas contas anuais dos cambios en criterios de contabilización.

Non houbo cambio de criterio.

4. NORMAS DE VALORACION.

Defínense como aquelas que conteñen os criterios ou regras de aplicación de todos aqueles feitos ou operacións económicas que se realizaron durante o exercicio económico. As normas que veñen reguladas na Quinta Parte da Orde 4041/2004, do 23 de decembro, son de obrigatoria aplicación e a elas cinguiremos o contido do presente apartado.

Así, e segundo os datos que bota o Balance correspondente ao exercicio 2013, podemos resumir os criterios aplicables segundo os seguintes apartados:

4.a) Inmobilizado inmaterial: non existe dotación no Organismo para este clase de inmovilizado.

4.b) Inmobilizado material: os bens que están comprendidos no citado grupo valóranse segundo o prezo de adquisición. Se se trata de construcións inclúense todos aqueles gastos que se produzan ata o momento no que o ben estea en condicións de funcionamento - honorarios, reformulacións, montaxes, instalacións... -, sobre a base do soporte documental das certificacións de obra visadas polo Director Técnico delas. En canto ao resto do inmovilizado a súa valoración realizárase sobre o prezo de adquisición sobre a base do importe facturado polo adxudicatario, que deberá incluír todos aqueles gastos adicionais necesarios para que os bens se encontren en óptimas condicións de operatividade.

4.c) Investimentos financeiros: Os investimentos financeiros temporais correspóndese para este Organismo con créditos a curto prazo de anticipos ao persoal que veñen valorados polo nominal destes.

4.d) Existencias: non se contempla valoración de existencias para este Organismo, ao tratarse da prestación dun servizo público exento do tráfico normal de mercadorías.

4.e) Provisións para riscos e gastos: Non existe dotación de provisión para responsabilidades nin para grandes reparacións.

4.f) Débedas: Non ten débeda recoñecida o Organismo no ano 2013, que de observarse nalgún momento se valoraría polo prezo de reembolso.

4.g) Provisións para insolvencias: non existe dotación contable para insolvencias nas contas do Organismo.

- Debedores e ingresos orzamentarios: Os dereitos a cobrar figuran valorados da seguinte forma, en función da importancia dos ingresos:

a) Subvencións ou transferencias do exterior: valóranse segundo o acto liquidativo xerador dos dereitos de contido económico aprobado pola Entidade ou Organismo transmitente.

b) Servizos de carácter xeral (recadación despacho): a súa valoración vén determinada polo prezo unitario aplicable á entrada de obrigatorio aboamento para o acceso ao recinto do Parque Zoológico. O seu importe determíno o Pleno da Corporación municipal con motivo da aprobación das Ordenanzas de Tributos e prezos públicos para o exercicio 2013.

c) Outros ingresos: a súa valoración vén marcada polo importe a percibir detallado nos documentos acreditativos de cada un dos ingresos realizados, ou ben polo prezo acordado.

-Acredores e obrigas orzamentarias: valóranse en función do importe a satisfacer no momento do vencemento, conforme ao documento acreditativo -factura, recibo, contrato... - regulamentariamente recoñecido ao acredor.



5. INVERSIÓN DESTINADAS AO USO XERAL

5.a) Investimentos destinados ao uso xeral. Inclúense neste epígrafe aqueles elementos patrimoniais recollidos no subgrupo 20 do PGCAL e son investimentos en infraestrutura e bens destinados a ser utilizado directamente pola xeneralidade dos cidadáns. O Saldo Inicial a 1 de xaneiro de 2013 era de 75.875,18 euros, sen que se experimentasen movementos ao longo do exercicio.

5.b) Patrimonio entregado ao uso xeral. A cifra global ao igual que o ano anterior, cífrase en 31.589,20 euros.

6. INMOVILIZACIÓNS INMATERIAIS

As inmovilizacións inmateriais, son o conxunto de bens intanxibles e dereitos, que son susceptibles de valoración económica, e que cumpren ademais, as características de permanencia no tempo e utilización na produción de bens e servizos públicos ou constitúen unha fonte de recursos do suxeito contable. Non existen inmovilizacións desta índole nos estados contables do Organismo.

7. INMOVILIZACIÓNS MATERIAIS.

7.a) Inmovilizacións materiais.

Englóbanse dentro do grupo 2 -subgrupo 22- do Plan Xeral de Contas adaptadas ao Sector Público, onde se deberá recoller toda a información referente a cada unha das contas nas que se estructure este epígrafe. Da información subministrada polo Balance ao peche en data 31 de decembro de 2013, pódese analizar a información requirida do seguinte xeito:

-Conta 221 -Construcións-, que comprende as edificacións que se utilizan de forma continuada na produción de bens e servizos públicos. Esta conta non rexistra variación ningunha con respecto ao saldo do exercicio precedente ao non existir investimento neste tipo de infraestruturas. Resulta, polo tanto un saldo final de 5.167.536,24 euros.

-Conta 223 -Maquinaria,-, que comprende a adquisición de máquinas, instrumentos técnicos de natureza inventariable..., a cal rexistrou unhas entradas ou dotacións no presente exercicio de 17.424 euros, a causa das instalacións incorporadas dentro do recinto do acuario e cabaliños de mar. Resulta un saldo a fin de ano de 255.256,45 euros.

-Contas 222 a 228 -Outro inmovilizado-, comprensivas daqueles elementos patrimoniais relacionados co utillaxe, ferramenta, mobiliaria, equipos para procesos de información..., que conforme á información subministrada no Balance non sofre oscilación sobre os datos resultantes da liquidación do exercicio anterior. Sin variación sobre os saldos iniciais ano de 266.664,41 euros.

-Conta 229 -otro inmovilizado material-, que sofre un incremento de 4,811 euros debido a la adquisición de animais para el nocturama, resultando por tanto un saldo fina de 184.760,24 euros.

-Conta 282 -amortización acumulado del inmovilizado material-, experimenta un incremento no seu saldo final cifrado en 103.350,72 euros, resultante da dotación realizada para o presente exercicio que así se contempla dentro da conta do resultado económico-patrimonial.

7.b) Bens en réxime de cesión temporal. Non se contabiliza ningún ben en rexime de cesión temporal.

7.c) Bens en réxime de adscripción. Non se contabiliza ningún ben en réxime de adscripción

7.d) Bens afectos a garantías. Non se contabiliza ningún ben afecto a ningunha garantía.

Preséntase a información contable desagregada desta epígrafe no listado MEM07_04 adxunto a esta Memoria.

8. INVERSIÓNS XESTIONADAS.

Os investimentos xestionados por outros entes públicos, comprenden os bens que, sendo adquiridos ou construídos con cargo ao Orzamento de Gastos da Entidade, se transfírense a súa titularidade necesariamente a outra Entidade unha vez finalizado o procedemento de adquisición ou finalizada a obra e con independencia de que a entidade destinataria participe ou non na financiación. Non se rexistran investimentos deste tipo.

9. PATRIMONIO PÚBLICO DO CHAN.

O patrimonio Municipal do chan, constitúe un epígrafe separado e comprende os bens e dereitos integrantes do PMS, sexa xestionado pola propia entidade Local ou por un Organismo dependente dela. Non se rexistra patrimonio con esta cualificación xurídica.



10. INVERSIÓNS FINANCIERAS

10.a) Investimentos financeiros. Contabilízanse unhas entradas por importe de 9.000 euros cunhas saídas polo devandito importe, sendo o saldo final a 31 de decembro de 2013 de 0 euros, ao corresponderse coa concesion de anticipos a c/p ao persoal do Organismo co recoñecemento do seu reintegro dentro dos prazos establecidos en Acordo Regulador.

10.b) Préstamos singulares significativos. Non se contemplan.

11. EXISTENCIAS.

Non se considera ningunha adquisición de existencias, entendidas como elementos almacenados que se utilicen no proceso de produción.

12. TESOURARÍA

12.a) Tesouraría. Dentro deste apartado procederase a informar de cada unha das caixas e contas bancarias do Organismo e que se corresponden cos saldos totalizados nas contas do subgrupo 57 "Tesouraría":

-Conta 570101 -Caixa-, que parte dun saldo inicial de 1.160,03 euros, sen que experimentase variación ningunha no transcurso do ciclo económico. Ten a misión de facilitar un optimo funcionamento do despacho en canto a axilidade, cambios de moeda...

-Conta 571202 -Conta bancaria principal aberta na Entidade financeira NOVAGALICIABANCO, con numeración 2080-5000-3110194172-67- cun saldo inicial de 206.326,29 euros, imputándose durante o transcurso do exercicio económico cobramentos por un importe de 1.508.536,30 euros, pagamentos por 1.379.583,22 euros, resultando un saldo final de 335.279,37 euros. Esta conta recolle, practicamente, a totalidade do fluxo monetario derivado dos movementos económicos o longo do exercicio procedente da practica totalidad das operaciones corrientes do Organismo..

-Conta 571203 -Conta bancaria restrinxida aberta na Entidade financeira NOVAGALICIABANCO, con numeración 2080-5000-3110267729-62. - cun movemento de escasa importancia de 4.765,30 euros, relativos a determinados ingresos de colexios, aniversario e campamentos de verán, e coa única finalidade de dotar dalgunha circulación bancaria esta, cun saldo a final de exercicio na conta de 53.034,14 euros.

-Conta 577000 -Conta bancaria a prazo fixo aberta na Entidade financeira NOVAGALICIABANCO, con numeración 2080-5000-3812924261-69 cun saldo inicial de 650.000 euros sen movementos durante o ano, ao concertarse para colocar no mercado financeiro os excedentes monetarios que non serán utilizados durante o prazo estipulado, e co obxectivo de conseguir unha mellor rendibilidade, xerando durante o ano 2013 os renditos pactados coa Entidade Financieira Novagalicia



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



Exp. 5427/12

Banco de xeito trimestral, sendo abonados na conta principal da Entidade.

12.b) Estado de conciliación bancaria. Realizouse unha conciliación no mes de decembro por un importe de 10 euros, al abonar la Entidad Financieira unha factura a favor de M^a Carmen Muñiz Nin por un importe de 391,85 euros, y figurar en contabilidade por un importe de 381,95 euros.

Preséntase a información contable desagregada desta epígrafe no listado MEM12_04 adxunto a esta Memoria.

13. FONDOS PROPIOS.

Comprende as contas representativas da diferenza existente entre o activo propio do Organismo e o pasivo esixible. Aparecen recollidas no grupo 1 da estrutura do Plan Xeral de Contabilidade aplicable ás Entidades Locais.

Dos datos que se recollen no Balance podemos resumir o seguinte:

- A contas 100 "Patrimonio" e 109 "Patrimonio entregado ao uso xeral", non sofren oscilación ningunha ao longo do exercicio sobre uns saldos iniciais respectivos de 5.546.401,88 euros e -31.589,20 euros.
- A conta 120 "Resultados de exercicios anterior", representativa do resultado económico patrimonial de exercicios precedentes, incrementa o seu saldo negativo en 35.477,31 euros debido á incorporación a esta do desforro orixinado no ano 2012.
- A conta 129 "Resultados do exercicio", presenta un saldo positivo de 32.574,24 euros correspondentes ao aforro derivado do cálculo do Resultado económico patrimonial do exercicio 2013.

Preséntase a información contable desagregada desta epígrafe no listado MEM13_04 adxunto a esta Memoria.

14. ENDEBEDAMENTO



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



No hai endebedamento financeiro.

15. ADMINISTRACION DE RECURSOS POR CONTA DOUTROS ENTES PUBLICOS.

Non existe.

16. OPERACIÓN NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERIA.

As contas e conceptos non orzamentarios presentan a teor da información rexistrada tanto no Estado do Remanente de Tesouraría, coma no Balance os seguintes datos e movementos:

- Non existen dereitos pendentes de cobramento por operacións de natureza non orzamentaria, nin do presente exercicio, nin doutros anteriores.
- O saldo correspondente á obrigas pendentes de pagamento por operacións non orzamentarias, ascende a 51.778,95 euros, correspondentes a liquidacións de IRPF e formalización de pagos non orzamentarios -ultima relación de facturas do ano 2013- cuxo aboamento debe realizarse aos longo do exercicio 2014, así como depósitos de avais e fianzas presentados por adxudicatarios de obras ou servizos públicos nos termos previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, Rdl 3/2011, de 14 de novembro, cun saldo de 9.732,01 euros debido a constitución de fianza en metalico por parte de Xermolo para responder do contrato de servizo da realización das actividades do departamento de Educación..
- Non se constata a existencia de cobramentos realizados pendentes de aplicación definitiva, segundo a información contable subministrada na conta 55500 "Resultados pendentes de aplicación".

Preséntase a información contable desagregada desta epígrafe no listado MEM16B_04 adxunto a esta Memoria.

17. INGRESOS E GASTOS.

Dadas as directrices fixadas pola Orde Ministerial acerca da información que se debe cumprir sobre este punto, procédese a salientar o seguinte:

17.a) Subvencións recibidas pendentes de xustificar. Segundo se desprende da liquidación orzamentaria, non constan subvencións que fosen recibidas e

estean pendentes de xustificación.

17.b) Transferencias e subvencións concedidas significativas. Nos estados de gastos e con cargo á conta 651 "Subvencións correntes" concedéronse subvencións por un importe de 11.560 euros, polos traballos de colaboración con persoal subvencionado, en apoio das actividades educativas e ambiental que se veñen desenvolvendo nos últimos exercicios.

17.c) Outras circunstancias de carácter substantivo. Non constan.

18. VALORES RECIBIDOS EN DEPOSITO.

Durante o exercicio 2013 e sobre o concepto non presupostario 70200 "Outros avais", devolvéronse os seguintes avais presentados en garantía de depósito:

- Devolución aval constituída pola empresa EULEN, por un importe de 8.036,25 euros como garantía do servizo de atención e control do público
- Devolución aval constituída por M^a Carmen Muñiz Nin,, por un importe de 1.202 euros, como garantía da explotación da tenda de agasallos.
- Devolución aval constituída pola empresa DISTRIBUCIONES AMIOS, por un importe de 1.352,69 euros, como garantía do contrato de suministro de piensos.
- Devolución aval constituída pola empresa LIMPIEZAS DEL NOROESTE,, por un importe de 6.708 euros, como garantía contrato do servizo de limpeza..

No que se refire dentro do citado concepto non presupostario a constitución de avais en depósito, producíronse os seguintes movementos:

- Constitución aval pola empresa LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS, por un importe de 4.481 euros como garantía do contrato do servizo de Limpeza
- Constitución aval pola empresa EULEN, por un importe de 3.200 euros como garantía do contrato do servizo de Taquilla.
- Constitución aval pola empresa SECURITAS ESPAÑA por importe de 8.119,10 euros como garantía do contrato do servizo de Vigilancia nocturna.



ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO
P – 8605701 E



19. CADRO DE FINANCIACION.

